



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN MAROLA FUTBOL CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA DOS MENORES INTERNADOS NO CENTRO CONCEPCIÓN ARENAL E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DOS MOZOS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social declara:

Que a consellería de Política Social formaliza co MAROLA FÚTBOL CLUB un convenio de colaboración no desenvolvemento dun programa de fomento da práctica deportiva para menores internados no centro Concepción Arenal e de soporte á autonomía dos mozos que rematan o cumprimento das medidas de internamento en centros de reeducación, que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB para o financiamento do programa que desenvolve o club durante o ano 2021 dirixido a facilitar a práctica deportiva dos internos no centro Concepción Arenal así como o tránsito á autonomía e a inserción socio laboral dos mozos, de idades comprendidas entre os 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun centro e residan na cidade da Coruña, naqueles casos nos que o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.- O artigo 45 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM) establece que a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas é competencia das Comunidades Autónomas. As entidades públicas levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e





xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo.- A Consellería de Política Social, a través da dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumida entre as súas competencias, de conformidade co Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, segundo o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Terceiro.- O artigo 55 da LORPM dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade, favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

Cuarto.- A asociación MAROLA FUTBOL CLUB é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-6550, que orienta o seu labor ao fomento e impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario, ademais da promoción do deporte e a educación a través do mesmo, e a integración social dos mozos en risco de exclusión social, especialmente dos internos nos centros de menores.

Quinto.- En cumprimento dos seus fins a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, puxo en marcha no ano 2013 un proxecto destinado ao promover a práctica deportiva no centro Concepción Arenal a partir da creación dun equipo de fútbol sala formado por internos do centro, que serve de complemento para a inserción e formación dos menores participantes. Así mesmo, como resultado da experiencia acadada, desenvolve dende o ano 2016 un programa de apoio á autonomía dirixido a un grupo de internos, entre 18 e 25 anos de idade, que unha vez finalizada a súa estancia no centro Concepción Arenal residen na cidade da Coruña, facilitándolles o apoio necesario para favorecer a emancipación dos mesmos naqueles casos en que o regreso do mozo a súa contorna socio familiar sexa prexudicial para os fins de reinserción social.

Sexto.- O artigo 31.2, en relación co artigo 55, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.





Sétimo.- O interese social do proxecto que ven levando a cabo a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB xustifica que a axuda se tramite por medio dunha concesión directa, de conformidade co establecido no artigo 19.4 c) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a dita entidade no desenvolvemento do programa destinado a promover a práctica deportiva dos internos do centro Concepción Arenal así como o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral dos mozos, de idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun centro e residan na cidade da Coruña, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

Oitavo.- A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio; a integración social dos mozos en risco de exclusión social, especialmente dos internos nos centros de menores.

Noveno.- A Xunta achega para o desenvolvemento do programa durante o ano 2021 a cantidade de 47.480,00 €. O importe que achega a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB é de 11.880,00 €, procedentes de fondos propios ou outras subvencións ou recursos.

Décimo.- O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2021.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

